



Concello de Gondomar

BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA, QUE REXERÁ A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA, NAS FESTAS PATRONAIS DE SAN BIEITO 2026

1. OBXECTO E REGULACIÓN

As presentes bases teñen por obxecto regular a solicitude e a autorización temporal de uso dun espazo público, que será determinado polo Concello de Gondomar, para a instalación de atraccións de feira, casetas, tómbolas e outras instalacións desmontables destinadas a actividades de ocio durante as Festas Patronais de San Bieito, que se celebrarán os días 10, 11 e 12 de xullo de 2026.

Estas instalacións teñen a consideración de actividades recreativas conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e estarán sometidas ao réxime de declaración responsable, de acordo co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

A presente convocatoria rexerase, ademais de por estas bases, pola seguinte normativa:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos y actividades recreativas de Galicia
- Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
- Ordenanza fiscal municipal (BOP Pontevedra 23/12/2015).
- Ordenanza municipal de medio ambiente, limpeza e convivencia (BOP Pontevedra 3/05/2017).

En todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa vixente. O descoñecemento das mesmas non exime do seu cumprimento.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

2. RÉXIMEN DE AUTORIZACIÓN, UBICACIÓN E CONTROL.

O espazo destinado á instalación é de titularidade municipal, correspondendo exclusivamente ao Concello de Gondomar a súa delimitación, distribución e autorización de uso.

A autorización terá carácter temporal e limitado, vincularase a un espazo concreto e non xerará dereito a renovación automática nin vantaxe en futuras convocatorias. Concédese exclusivamente para a instalación, funcionamento e retirada das atraccións.

O espazo habilitado para a instalación será o contorno do Complexo Deportivo das Cercas, non permitíndose instalacións fóra desta zona.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Concello de Gondomar asignará e distribuirá os espazos en función das características das instalacións e das necesidades de seguridade.

A distribución realizarase conforme a un plano elaborado por técnico competente, no que se fixarán as distancias de seguridade, as zonas de paso e os espazos libres de obstáculos.

Non se permitirá a cesión ou subarrendamento dos espazos adxudicados.

A persoa ou entidade autorizada será responsable do cumprimento de todos os requisitos necesarios para a instalación, funcionamento e retirada das instalacións.

A Policía Local velará polo cumprimento destas bases, incluíndo o control de horarios, a verificación de autorizacións e documentación, así como o precinto daquelas instalacións que carezan de autorización.

Con carácter previo á autorización de ocupación do espazo público, deberá constar informe favorable acreditativo de que a declaración responsable presentada está completa así como informe favorable para a ocupación.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación será de **10 días naturais**, a contar dende o día seguinte ao da publicación destas bases.

As solicitudes deberán presentarse mediante **Anexo I (solicitud)** e **Anexo II (declaración responsable)**, debidamente cubertos e asinados, un por cada atracción solicitada.

As solicitudes poderán presentarse:

- A través da sede electrónica do Concello de Gondomar.
- No Rexistro Xeral do Concello.
- Ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

As persoas xurídicas e demais suxeitos obrigados deberán presentar as solicitudes por medios electrónicos.

Só se terán en conta as solicitudes presentadas dentro do prazo establecido e correctamente cubertas en todos os seus campos que vaian acompañadas da documentación obrigatoria, incluíndo os Anexos I e II.

Os modelos normalizados estarán dispoñibles na sede electrónica e na páxina web municipal.

4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á revisión da documentación achegada. No caso de que a documentación estea incompleta, requirirase á persoa interesada para a súa emenda no prazo de **5 días hábiles**, contados dende o día seguinte ao da notificación. No se admitirá documentación a partir do 15 de xuño.

O criterio principal de selección será a orde de entrada no rexistro, sempre que a solicitude estea completa. Non obstante, poderanse ter en conta, de forma motivada, outros criterios como a non reiteración de atraccións, o carácter novidoso das mesmas, a súa estética e, en xeral, o interese público e a mellora da oferta das Festas de San Bieito 2026.

A montaxe das atraccións realizarase os días 7 e 8 de xullo, debendo estar completamente instaladas o día 9 de xullo, data na que se efectuará a inspección técnica por parte da entidade de certificación.

No caso de que a atracción non estea lista para a súa inspección na data indicada, deberá procederse á súa desmontaxe.

A eficiencia da declaración responsable quedará condicionada á emisión do correspondente certificado, que acredite que a instalación reúne as condicións de seguridade e solidez esixibles e está correctamente instalada.

O pagamento da taxa por ocupación de vía pública, de acordo coa ordenanza fiscal vixente, será requisito para a obtención da autorización, debendo realizarse con carácter previo ao inicio da ocupación.

No caso de que a instalación non supere a inspección e os defectos detectados non poidan ser emendados no momento, a persoa titular deberá proceder á súa desmontaxe. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á aplicación do réxime sancionador previsto na normativa vixente.

Sen prexuízo do anterior, as instalacións poderán ser obxecto de inspección en calquera momento durante o período de funcionamento por parte do persoal designado polo Concello.

O día 10 de xuño terá lugar unha reunión para informar da localización de cada atracción.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

5. COLOCACIÓN DO POSTO / ATRACCIÓN E DATAS DE MONTAXE.

O Concello de Gondomar determinará o emprazamento de cada posto ou atracción, non podendo ocupar ningún espazo distinto ao asignado.

Non se poderá iniciar a montaxe ata que a Policía Local e/ou o persoal técnico municipal sinalen sobre o terreo a localización e delimitación da parcela correspondente.

Será requisito imprescindible, con carácter previo á instalación:

- Informe Técnico favorable respecto da documentación achegada.
- A presentación da declaración responsable coa documentación completa.
- O pagamento da taxa correspondente.
- Informe de ocupación favorable

Queda prohibida a cesión ou subarrendamento dos espazos autorizados. O seu incumprimento suporá a revogación da autorización.

As datas de montaxe, revisión e desmontaxe serán as seguintes:

- Montaxe: 7 e 8 de xullo
- Inspección técnica: 9 de xullo
- Desmontaxe: 13 e 14 de xullo

Unha vez finalizada a montaxe, e con carácter previo á posta en funcionamento, deberá dispoñerse da correspondente certificación técnica, subscrita por persoal competente, que acredite que a instalación reúne as condicións de seguridade e solidez esixibles.

Así mesmo, as atraccións serán obxecto de inspección por parte da entidade de certificación designada polo Concello. Aquelas que non superen a inspección deberán ser desmontadas.

En caso de accidente ou incidencia que afecte á seguridade, a atracción deberá cesar inmediatamente a súa actividade, non podendo retomala ata que o persoal técnico competente verifique o cumprimento das condicións de seguridade.

6. HORARIOS.

As persoas titulares dos postos e atraccións deberán respectar en todo momento os niveis de emisión acústica establecidos na normativa vixente, evitando molestias á veciñanza.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Cando así o indique o persoal do Concello de Gondomar, deberá cesar a emisión de música exterior co fin de evitar interferencias con actuacións ou outras actividades programadas.

O período de funcionamento das atraccións e postos será os días 10, 11 e 12 de xullo, co seguinte horario:

- **Apertura:** a partir das 16:00 horas.
- **Peche:** ata as 03:00 horas, momento no que deberá cesar totalmente a actividade.

O horario de peche implica o cese completo da actividade, incluíndo a venda, o funcionamento das atraccións e a emisión de música, sons ou calquera outro tipo de estímulo acústico ou lumínico.

Co obxectivo de favorecer a accesibilidade e a inclusión, establécese unha **franja diaria de baixa estimulación sensorial entre as 17:00 e as 19:00 horas**. Durante este período, deberán reducirse ao mínimo os estímulos sonoros e lumínicos, mantendo un ambiente máis tranquilo.

O Concello de Gondomar poderá modificar os horarios establecidos por razóns organizativas ou de interese público, o que será comunicado ás persoas titulares.

7. OBRIGAS DOS SOLICITANTES:

As persoas titulares das autorizacións deberán cumprir, entre outras, as seguintes obrigas:

- Deberán cumprir o disposto nestas bases e na normativa aplicable, así como atender en todo momento as indicacións da Policía Local e do persoal designado polo Concello.
- Deberán dispoñer en todo momento da documentación acreditativa da autorización, do pagamento da taxa e da restante documentación esixible, para a súa exhibición cando sexa requirida.
- Deberán respectar a localización, superficie e delimitación asignadas. O espazo só poderá destinarse á actividade autorizada, quedando prohibida a súa cesión, subarrendamento ou modificación sen autorización expresa do Concello.
- Deberán retirar as instalacións ao finalizar o período autorizado, deixando o espazo en adecuadas condicións de limpeza e conservación.
- Deberán permitir o acceso ás instalacións ao persoal municipal ou autorizado para a realización de inspeccións e comprobacións, colaborando en todo momento.
- Condicións técnicas e seguridade:
 - Cada atracción deberá contar cunha persoa responsable, maior de idade e con coñecementos suficientes para o seu manexo, que velará polo correcto funcionamento e polo cumprimento das normas de uso.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- A seguridade das instalacións será responsabilidade da persoa titular, que deberá dispoñer dos certificados técnicos correspondentes e dun seguro de responsabilidade civil en vigor.
- Os postos alimentarios deberán garantir as condicións hixiénico-sanitarias, incluíndo a cadea de frío, subministracións necesarias e xestión adecuada de residuos.
- Deberán manter limpo o espazo ocupado durante toda a actividade, depositando os residuos nos colectores habilitados. Queda prohibido o vertido de aceites ou residuos, debendo contar cun xestor autorizado no seu caso.
- A persoa autorizada será responsable dos danos causados ao dominio público, debendo proceder á súa reparación ou asumir o custo correspondente, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder.
- As conexións ás subministracións (electricidade, auga, etc.) serán por conta da persoa autorizada, incluíndo os custos derivados, debendo cumprir a normativa vixente e as indicacións técnicas municipais.
- As instalacións non poderán incluír mensaxes, imaxes ou elementos de carácter sexista, discriminatorio ou que fomenten a violencia ou estereotipos.
- Deberá colocarse en lugar visible un cartel informativo conforme á normativa vixente, que inclúa, como mínimo:
 - Identificación da actividade e titular da explotación.
 - Condicións de uso, limitacións e aforo máximo
 - Prezos aplicables á actividade

O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar ao precinto da instalación, á revogación da autorización e á aplicación do réxime sancionador correspondente.

PROHIBICIÓNS:

- Danar ou modificar o espazo público (por exemplo, facendo buracos no chan).
- A presenza de animais soltos no recinto.
- A venda ambulante non autorizada.
- A venda de bebidas en envases de cristal e de alcohol a menores de idade.
- A exhibición de mensaxes ou símbolos que inciten á violencia ou discriminación.
- Desmontar as instalacións antes da finalización da festa.
- Superar a superficie autorizada.
- Ocupar espazos distintos ou destinados aos transeúntes.

O Concello poderá realizar as inspeccións necesarias para verificar o cumprimento destas condicións.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

8. REQUISITOS DOS SOLICITANTES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Poderán presentar solicitude para a instalación de postos ou atraccións nas Festas de San Bieito 2026 as asociacións de feirantes ou entidades análogas, así como as persoas físicas ou xurídicas con plena capacidade de obrar e que non se atopen incursas en prohibición para contratar coa Administración.

As persoas solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Anexo I: solicitude, debidamente cuberta e asinada.
- Anexo II: declaración responsable, debidamente cuberta e asinada.
- DNI ou CIF da persoa titular da instalación.
- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) ou declaración censal de inicio de actividade (modelo 036/037).
- Certificado de instalación eléctrica de baixa tensión (boletín eléctrico), emitido por instalador autorizado e correspondente ao cadro eléctrico.
 - No caso de máquinas compactas que non requiran dita certificación, deberá achegarse a declaración de conformidade CE ou documento acreditativo do marcado CE, e, de ser o caso, documentación do xerador.
- Certificado de instalación de gas, se procede.
- Certificado vixente da última revisión periódica da instalación.
- Documentación técnica da atracción, posto ou caseta (marcado CE, ITV cando proceda, manual de mantemento e instrucións de montaxe e funcionamento).
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante de pagamento, cunha cobertura mínima de 150.000 € por instalación.
- Carné de manipulador/a de alimentos, no caso de postos alimentarios.

9. REUNIÓN INFORMATIVA PREVIA

Co fin de coordinar a correcta instalación e funcionamento das atraccións e postos, convócase a todas aquelas persoas ou entidades cuxas solicitudes resulten favorables a unha reunión informativa previa.

Dita reunión terá lugar o día 10 de xuño de 2026 ás 10:00 horas, nas dependencias da Xefatura da Policía Local de Gondomar.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Anexo I SOLICITUDE PARA INSTALACIÓN DE POSTOS/ATRACCIÓNS, NAS FESTAS PATRONAIS DE SAN BIEITO 2026.

Datos da persoa solicitante (titular do posto/atracción):
D/D ^a . _____
con DNI / CIF nº _____, con domicilio en _____
Nº _____ Piso _____ Esc. _____, Código Postal _____
Poboación _____ Provincia _____
Tlf: _____ Correo Electrónico: _____

Datos da persoa representante (a cumprimentar so no caso de persoa distinta do solicitante):
D/D ^a . _____
con DNI / CIF nº _____, con domicilio en _____
Nº _____ Piso _____ Esc. _____, Código Postal _____
Poboación _____ Provincia _____
Tlf: _____ Correo Electrónico: _____

NOME DA ATRACCIÓN PARA A QUE SOLICITA AUTORIZACION

ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN (Marcar cunha X a que se acompaña):

Tipo de establecemento ou, se é o caso, a descrición da actividade que se pretende realizar

<input type="checkbox"/>	Atracción Itinerante de feira.
<input type="checkbox"/>	Atracción itinerante de feira á que non accede público (tales como casetas de tiro pichón, tómbolas ou máquinas automáticas).
<input type="checkbox"/>	Posto de venda ambulante.

- DNI/NIE da persoa solicitante e, se é o caso, da persoa representante.
- Seguro de responsabilidade civil en vigor, conforme á normativa aplicable, e acreditar o pagamento da prima. Cobertura mínima: 150.000 €.
- Solicita espazo adicional para a instalación de caravana.
 - o Dimensións: Lonxitude (m): _____ Anchura (m): _____

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA, de acordo cos artigos 5 e 6 do DECRETO 226/2022, do 22 de decembro:

- Proxecto e a documentación técnica, cando sexa esixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións a realizar, cun nivel de detalle suficiente para comprobar o seu cumprimento coa normativa aplicable. O proxecto deberá estar redactado e asinado por persoal técnico competente.
- Documento de designación da persoa responsable técnica, asinado pola persoa interesada, no que se identifique a persoa física ou xurídica encargada da execución do proxecto e da emisión da certificación que acredite o cumprimento dos requisitos esixibles
- Proxecto da atracción que recolla a información necesaria para a realización das inspeccións e verificacións de montaxe e das probas de funcionamento e, como mínimo, os puntos de control, as tolerancias admisibles, as velocidades máximas, os límites de idade, a altura e o peso permitido ás persoas usuarias.
- Manual de funcionamento que incorpore instrucións comprensibles, en galego ou en castelán, relativas á montaxe, ao funcionamento e ao mantemento. Tamén debe recoller os requirimentos de cualificación do persoal de montaxe, funcionamento e mantemento.
- Libro de operacións da atracción, no que se identifique claramente a mesma e se recollan, como mínimo, os seguintes datos: data de adquisición, historial de reparacións, modificacións e inspeccións realizadas. Deberá incluír tamén a información relativa á revisión e mantemento dos seus elementos mecánicos e estruturais (sistemas pneumáticos, eléctricos, hidráulicos, de combustión, etc.), asinada por técnico competente.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA ÁS QUE NON ACCEDE PÚBLICO, de acordo cos artigos 5 e 6 do DECRETO 226/2022, do 22 de decembro:

- Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria ou montaxe subscrita pola persoa responsable da súa realización.

Sendo o titular da atracción denominada _____
Don /Dona _____

Responsable da montaxe Don/Dona _____

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- Se conta con instalación de gas, certificado da revisión anual.

- Se conta con instalación eléctrica , certificado de instalación de baixa tensión de conexión coa rede (Boletín), selado por instalador eléctrico competente autorizado, que deberá corresponderse co cadro eléctrico. No caso de que se trate de máquinas compactas que non requiran de certificado de instalación eléctrica, deberá achegar declaración de conformidade CE ou documento acreditativo de mercado CE.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE, de acordo coa Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e co Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Gondomar:

- Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no cumprimento das obrigas coa seguridade social (ou autorización expresa ao Concello para consultar estes datos).

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e estar ó corrente no pago da cota, ou, no caso de estar exentos, acreditación da exención.

- Compromiso expreso de que a persoa que vai exercer directamente a actividade será o titular da autorización, actuando exclusivamente por conta e en nome propio.

- Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos.

- Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretenda utilizar.

- Se conta con instalación de gas, certificado da revisión anual.

- Se conta con instalación eléctrica , certificado de instalación de baixa tensión de conexión coa rede (Boletín eléctrico), selado por instalador eléctrico competente autorizado, que deberá corresponderse co cadro eléctrico. No caso de que se trate de máquinas compactas que non requiran de certificado de instalación eléctrica, deberá achegar Declaración de conformidade CE ou documento acreditativo de mercado CE.

Gondomar, _____ de _____ de 2026.

Asinado:

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Anexo II DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA INSTALACIÓN DE POSTOS/ATRACCIÓN, NAS FESTAS PATRONAIS DE SAN BIEITO 2026.

Datos da persoa solicitante (titular do posto/atracción):
D/D ^a . _____
con DNI / CIF nº _____, con domicilio en _____
Nº _____ Piso _____ Esc. _____, Código Postal _____
Poboación _____ Provincia _____
Tlf: _____ Correo Electrónico: _____

EXPÓN:

Que está interesado na instalación dun posto/atracción nas Festas de San Bieito 2026 coa seguinte descrición:

_____ e dimensións: lonxitude (m) _____ anchura (m) : _____
desde o día 7 de xullo ao 14 de xullo.

De acordo co artigo 40 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, modificada pola Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e de acordo co DECRETO 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, ante o Concello de Gondomar:

- Que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio.
- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social impostas polas disposicións vixentes.
- Que coñece e cumpre as normas ás que debe axustar a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas.
- De ser o caso, que cumpre cos requisitos regulamentarios de cada tipo de produtos, de que reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora dos produtos obxecto de venda, de coñecer e cumprir as normas ás que debe axustarse a actividade no caso de ser autorizada.
- De ser o caso, que as persoas que manipulan alimentos contan coa formación debida en materia de manipulación de alimentos, e de que se cumpre coa normativa vixente en materia ambiental e de condicións de hixiene e sanitarias.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Con base no establecido polo artigo 28.2 e 3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración comprobará ou solicitará, a través das redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados a tales efectos, os seguintes datos ou documentos: DNI.

EFFECTOS DA DECLARACIÓN

De conformidade co artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración responsable cumprindo con todos os requisitos permite o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, dende o día da súa presentación, sen prexuízo da facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas a Administracións Públicas.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa, segundo o caso, requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo isto conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

Información básica sobre protección de datos persoais	
RESPONSABLE	Concello de Gondomar
FINALIDADE	Tratamento de datos necesarios para a xestión da solicitude de instalación de Postos / atraccións nas festas Patronais de San Bieito 2026.
LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO	Baixo o Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 e Lei Orgánica de Protección de datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018. Lei 7/1985, Reguladora de Bases de réxime local. Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e do goberno.
PERSOAS DESTINATARIAS	Os seus datos non serán cedidos salvo por obriga legal ou no interese vital do interesado ou a Administración Pública con competencia na materia, outros Órganos da Administración Pública e a Entidades aseguradoras e Sanitarias.
EXERCICIO DOS DEREITOS	Asístenlle dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, potabilidade e limitación que poderá exercer nas nosas oficinas ou no e-mail: rexiroxeral@concellodegondomar.gal
INFORMACIÓN ADICIONAL	Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na Web: https://concellodegondomar.tal/en/contacta/politica-de-privacidad

Gondomar, ____ de _____ de 2026.

Asinado:

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

